

A idea a desenvolver consiste na creación e posta en marcha dun albergue xuvenil no centro urbano da cidade da Coruña.

Este proxecto xorde da motivación de querer construír un espazo de hospedaxe turística cun estilo alternativo á oferta presente na cidade. As instalacións comprenderán espazos de descanso a alugar e zonas comúns onde se promoverán os encontros socioculturais, a fin de conxugar o turismo e o enriquecemento individual e comunitario da propia cidade.

A aposta pola prosperidade do proxecto parte de dúas premisas principais:

- **A escasez de oferta.** Ao realizar unha procura rápida -a través do buscador de recursos da [páxina oficial de turismo de Galicia](#)- dos establecementos turísticos con denominación de albergue no municipio coruñés, atópase un total de 40 resultados. A meirande parte deles ubícanse na área de Santiago de Compostela e o público ao que se dirixen son, na súa maioría, os peregrinos do Camiño Santo.
- **A multitude de aspectos positivos.** Esta modalidade de aloxamento ofrece diferentes vantaxes respecto a outros tipos de estancias.

Para comezar, esta resulta, de media, máis económica que outras, e abrangue diferentes tipos de habitacións segundo as preferencias e os diferentes perfís dos turistas (para parellas, familias, amizades, individuais...).

Ademais, os albergues adoitan contar cun punto de información turística dispoñible para a resolución de dúbidas e incluso a organización de eventos e actividades dinamizadoras da vida social dos clientes. No caso deste proxecto, incluírase un punto de información que traballe todo o ano como método para crear rede e reunir a todas aquelas persoas interesadas nas actividades e proxectos a tratar. A presenza dun espazo no que poder orientar e informar ao usuario constitúe unha gran vantaxe xa que proporciona cercanía, seguridade e impulsa o interese por coñecer aspectos novos sobre a cultura e as posibilidades que oferta o lugar a visitar.

Respecto a este albergue, a idea é ofertar este tipo de actividades tanto para os clientes que pernocten no establecemento como para aqueles usuarios que visiten o espazo en busca de ofertas de ocio e tempo libre, de xeito tal que se dirixa a un público máis grande e que o seu impacto sexa o máis amplo posible. O funcionamento destes servizos estará dispoñible durante todo o ano.

Por outra banda, este tipo de aloxamento outorga maior autonomía ás persoas usuarias, poñendo á súa disposición espazos de uso e disfrute común nos que poidan dende cociñar e xogar ata conversar e consumir cultura en formato libro, audiovisual, etc., e os cales tamén serven de punto de encontro para crear lazos sociais, coñecer xente nova e desenvolver relacións sociais de calidade.

Inmaculada Ranera, directora xeral de Christie & Co.¹ para España e Portugal, afirma que as actividades de socialización que oferta este tipo de establecementos é un dos factores fundamentais que diferencia aos hostels dos hoteis e que pón valor neste segmento².

Neste sentido, os albergues son o establecemento turístico ideal e cabe remarcar este aspecto positivo como un dos máis significativos no ámbito do turismo. A conexión social resulta máis accesible neste tipo de estancias onde se pode coñecer xente de diferentes idades e culturas grazas á súa fácil accesibilidade. Esta conectividade resulta positiva en moitos sentidos: para aprender idiomas, coñecer tradicións, eliminar prexuízos e, sobretudo, crear comunidade e disfrutar do momento.

Pero, ademáis das as actividades que desempeñen de forma autónoma e libre os usuarios e usuarias nas áreas comúns, o albergue contará tamén ca oferta de diversas actividades de ocio e tempo libre. O tipo de actividades a ofertar estarán vinculadas á difusión e promoción da cultura en xeral, buscando crear unha rede intercultural xeral, promovendo un turismo sustentable -respectuoso co medio e os seus habitantes- e dando visibilidade á oferta da área, poñendo o foco na experiencia e na vivencia do momento presente e buscando traballar con produtores locais.

Continuando cos aspectos positivos do proxecto e analizando a situación actual, obsérvase que o modelo do hostel adáptase dun xeito positivo ós requisitos do mercado. Respecto a este aspecto, é sabido que nos dous anos previos (2020 e 2021) o sector turístico veuse afectado pola crise sanitaria derivada da pandemia de Covid-19. Os desprazamentos véronse limitados durante unha longa tempada por mor da seguridade cidadá e, en consecuencia, a demanda turística paralizouse e diminuí significativamente. Os recursos económicos decreron, o temor á enfermidade debilitou o turismo e os países tomaron diferentes medidas de prevención que implicaban ao terceiro sector.

A raíz desta crise e dentro do marco do sector turístico elaborouse o “Plan Director” para o horizonte 2021-2023, enfocado na recuperación do sector turístico en canto a ocupación, rentabilidade e gastos previos á crise. Este Plan susténtase sobre catro pilares: **calidade**, **seguridade** e **hospitalidade**, uso da **tecnoloxía** e potenciación da **innovación** e **sustentabilidade**. A continuación se expoñe a estreita vinculación de cada un deles ao modelo de negocio proposto:

- Calidade da oferta turística. Se defende a posibilidade dunha perfecta conxugación deste modelo de aloxamento co cumprimento duns parámetros satisfactorios de calidade. Un [artigo publicado no ano 2020 na revista turística Hosteltur](#) relataba que o aumento da demanda deste tipo de aloxamentos atrae a

¹ Asesor especializado na compra e venda de establecementos en diferentes sectores, incluíndo o hotelero.

² [Artigo Hosteltur 2020](#).

atención das institucións e do sectores ca consecuente reinversión de fondos na profesionalización dos mesmos, conseguindo así un aumento progresivo da calidade destes. Esta calidade maniféstase na súa rápida adaptación á demanda entre outros aspectos.

Ademais, cabe destacar a existencia dun sistema de clasificación dos albergues (primera e segunda categoría) que ten en conta as instalacións e as condicións xerais do establecemento e que outorga unha ou outra categoría en función das adaptacións con que este conte. Pódese consultar esta información no [Decreto Núm. 85 publicado no DOG](#).

O feito de que se conte cunha forma de avaliar a calidade é sinónimo dunha garantía mínima, sumándolle ademáis a posibilidade dos usuarios e usuarias de formularse unha idea previa respecto ás prestacións que pode ofertar o seu aloxamento.

- Seguridade e hospitalidade. Respecto a este apartado, cabe mencionar o artigo 8 do Decreto anteriormente citado, polo que se establece a regulación dos albergues turísticos. Neste artigo faise énfase na vinculación entre seguridade e calidade, así como mantemento dunhas condicións óptimas para o desempeño do oficio.
- Tecnoloxía e innovación. Os albergues, como calquera outra modalidade de aloxamento, non están exentos da necesidade de adaptación e implementación dos recursos tecnolóxicos actuais. En primeiro lugar, os albergues adoitan ofrecer conexión wifi en todas as súas áreas de forma gratuíta. Tamén contan con métodos on-line e *contactless* para realizar os check-in e check-out, unha opción que facilitou as viaxes tras os primeiros impactos da pandemia Covid.
- Sustentabilidade. O crecemento do turismo nas cidades ofrece grandes oportunidades para o desenvolvemento urbano, o aumento da actividade económica, o emprego e a mellora na calidade de vida da cidadanía; aínda que hai que ter en conta que o turismo non é una actividade inofensiva para os espazos onde se desenvolve.

O seu crecemento masivo ten importantes repercusións sobre o medio urbano e natural, sobre as economías locais, sobre as sociedades de acollida ou incluso sobre as condicións de desenvolvemento da vista turística.

En realidade o problema non é o turismo en si mesmo, se non máis ben do turismo de masas. A concentración turística en barrios e zonas específicas supón a superposición de usos e produce en algúns casos problemas de saturación e sobreexplotación do espazo.

A presión turística sobre zonas concretas da cidade e as consecuencias para os residente converteuse nun verdadeiro problema.

Polo tanto, a sustentabilidade nas cidades vai unido a un importante desafío: aproveitar as oportunidades que ofrece o turismo e lograr a súa inserción no tecido urbano, na economía e na sociedade.

En relación ao proxecto, farase uso e analizaranse estes datos para darlle forza á proposta e xustificar as ideas que a sustentan: Xa existe un plan estratéxico para fomentar un turismo urbano máis sustentable, comprometido e homoxéneo.

A idea consiste en ofrecer no centro urbano da Coruña un albergue xuvenil que non soamente funcione como aloxamento turístico para a mocidade senón que tamén sexa un punto de encontro sociocultural para a propia xente xoven da zona, ao mesmo tempo que expanda a oferta laboral enfocada a enriquecer o sector cultural e turístico; abrindo as portas a un novo paradigma onde o intercambio cultural se fusione co propio desenvolvemento comunitario, creando un conxunto de intereses en común entre diferentes culturas (estranxeiras e locais), evitando un turismo “illado” e conseguindo así un progreso neste sector de forma real, sustentable e enriquecedor a nivel sociocultural e económico para todas as partes. Segundo o informe global das tendencias de viaxes para 2022 publicado por American Express, os turistas buscan cada vez máis realizar viaxes con impacto positivo e sumerxirse na cultura local.

A intención á hora de ofrecer actividades no albergue é fusionar os intereses dos clientes que proveñen doutros destinos -os e as turistas- cos intereses da xente local da zona, co propósito de conseguir unha cohesión, unir culturas, e non illar aos turistas e desvincularlos da realidade sociocultural que xera inquietude na mocidade.

Ao longo de todo o ano buscarase a visibilización e dar publicidade ao proxecto de tal forma que o albergue non soamente se recoñeza pola súa función de ofertar un lugar onde pernoctar senón tamén pola oferta de actividades de ocio e tempo libre e a promoción de eventos socioculturais que se manteñan activos ao longo de todo o ano.

O obxectivo é que o acceso ás actividades sexa posible tanto para as persoas estranxeiras que pernocten nas instalacións, como para o resto do público obxectivo que só busque unha alternativa de ocio e se interese pola oferta do albergue. Trátase de englobar o turismo e as diferencias culturais xunto co público local e o ocio saudábel. Buscarase ofrecer sempre prezos asequibles en todas as actividades, e tratarase de levar a cabo diferentes eventos que serán gratuítos e de entrada libre para todos os públicos (charlas, mercadillos, exposicións...).